Deputación DA CORUÑA
www.dicoruna.es
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
JUEVES, 30 DE ABRIL DE 2015 | BOP NÚMERO 80

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Xestión Tributaria

Publicación definitiva da Ordenanza fiscal nº 2 reguladora do imposto sobre actividades económicas

ORDENANZA FISCAL Nº 2

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co previsto nos artigos 78 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo RD lexistativo 2/2004, do 5 de marzo, o Imposto sobre actividades económicas é un tributo obrigatorio, directo e de carácter real, que grava o mero exercicio, en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, se exerzan ou non nun local determinado e se atopen ou non especificadas nas Tarifas do imposto.

ARTIGO 2. EXENCIÓNS

1. Están exentos do imposto os suxeitos pasivos previstos no artigo 82 do devandito texto refundido.

2. As exencións especificadas nas letras e), f) do devandito artigo 82.1 terán carácter rogado, debendo aportar coa declaración de alta, a seguinte documentación:

- Nos supostos da letra e) de organismos públicos de investigación e establecementos de ensinanza: Certificación da administración correspondente acreditativa da financiación da entidade.

- No caso da letra f) de asociacións sen ánimo de lucro de disminuidos: Certificación do órgano do que dependan, acreditativo da natureza e fins da entidade.

A cota tributaria será a resultante de aplicar ás tarifas do imposto, incluido o elemento superficie, o coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo e o coeficiente que pondere a situación física do local onde se realice a actividade regulados nos artigos 4 e 5 da presente ordenanza.

ARTIGO 3. BONIFICACIÓNS

1. Unha bonificación do 50 por cento da cota correspondente, para aqueles que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota municipal, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenrolo daquela.

A aplicación da bonificación requerirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidad. Entenderase que a actividade foi exercida anteriormente baixo outra titularidad, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas da actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcurridos cinco anos dende a finalización da exención prevista no paragrafo b) do apartdo 1 do artígo 82 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo RD lexistativo 2/2004, do 5 de marzo.

A bonificación aplicarase á cota tributaria, integrada pola cota de tarifa ponderada polo coeficiente establecido no artígo 86 e modificada, no seu caso, polo coeficiente establecido no artigo 87 do texto refundido. No suposto de que resultase aplicable a bonificación a que alude o parágrafo a) do apartado 1 do artigo 88, a bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar a bonificación citada.

2. Unha bonificación por creación de emprego para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementen o promedio da súa plantilla de traballadores con contratro indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquél.

Establécense diferentes porcentaxes de bonificación, sin exceder o limite máximo do 50 por cento, en función de cal sexa o incremento medio da plantilla de traballadores con contratro indefinido:

Número de anuncio 2015/4702

Cando se xeren ata 10 postos de traballo	15 por cento
Cando se xeren entre 11 e 25 postos de traballo	30 por cento
Cando se xeren máis de 26 postos de traballo	50 por cento

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refire o apartado 1 do artígo 88 e a recollida no punto 1 deste artigo.

3. Sobre a cota tributaria do imposto aplicarase unha bonificación do 50 por cento para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que establezan un plan de transporte, de duración miníma o ano fiscal e renovable anualmente, para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ao lugar do posto de traballo e fomentar o emprego dos medios de transporte mais eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido.

A contía da bonificación non poderá superar a cantidade de 30.000 euros por suxeito pasivo.

O ámbito de aplicación da bonificacion limitarase aos polígonos dos Airios e de Penapurreira.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refire o apartado 1 do artígo 88 e as recollidas nos puntos1 e 2 deste artigo.

ARTIGO 4. COEFICIENTE DE SITUACIÓN

1.- Para os efectos do previsto no artigo 87 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, as vías públicas deste municipio clasifícanse en cinco categorías fiscais. Anexo a esta ordenanza figura o índice alfabético das vías públicas con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha delas.

2.- As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético antes mencionado serán consideradas de última categoría, e quedarán na devandita clasificación ata o primeiro de xaneiro do ano seguinte a aquel en que o Pleno desta Corporación aprobe a categoría fiscal correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

3.- Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 86, e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radica fisicamente o local en que se realiza a actividade económica, establécense os seguintes coeficientes de situación:

Categoría fiscal das vías públicas	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
Coeficiente de situación aplicable	3,8	2	1,6	1	0,8

4.-O coeficiente de situación aplicable a calquera local vén determinado polo correspondente á categoría da rúa onde estea situado o acceso e, de haber varios, aquela que teña o índice máis alto.

ARTIGO 5. PERÍODO IMPOSITIVO E DATA DE ESIXIBILIDADE DO IMPOSTO

1.- O período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de declaracións de alta. Neste caso abranguerá desde a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2.- O imposto será esixible desde o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural. Neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

3.- Así mesmo, e en caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza o dito cesamento. Para este fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais en que non se exercera a actividade.

4.- Malia o disposto nos parágrafos anteriores, nos supostos de fusións, escisións e achega doutras ramas de actividade regulados no capítulo VIII do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, as declaracións de alta e baixa que presenten respectivamente as entidades que inicien ou cesen o exercicio da actividade producirán efectos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produza a fusión, escisión ou achega de rama de actividade de que se trate. En consecuencia, respecto ao ano en que teña lugar a operación non procederá devolución ou ingreso ningún derivados do prorrateo das cotas polos trimestres durante os cales estas entidades realizaran efectivamente a actividade.

Número de anuncio 2015/4702

5.- Nas actividades de servizos de espectáculos e de promoción inmobiliaria, a parte da cota correspondente aos espectáculos celebrados e aos metros cadrados de terreo ou edificación vendidos será esixible cando se celebren os espectáculos e se formalizan os alleamentos, respectivamente.

ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da LXT.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, así como o anexo índice alfabético de vías públicas, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno do Concello e publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, comenzará a rexer o mesmo día da súa publicación, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación.

ANEXO INDICE ALFABÉTICO DE VÍAS PÚBLICAS DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Vías públicas de 1ª categoría:

- Lugar Areosa.
- Calle Areosa.
- Lugar A Balsa.
- Lugar Tesouro.
- Polígono Endesa.
- Polígono de Enfersa.

Vías públicas de 2ª categoría:

- Parque Empresarial de Penapurreira

Vías públicas de 3ª categoría:

- Avenida de Galicia.
- Avenida de Castelao.
- Praza do Hospital
- Polígono Industrial dos Airíos
- Lugar A Forxa.
- Lugar Cruz das Cabezas
- Rúa A Balsa.
- Lugar Sáa.

Vías públicas de 4ª categoría:

- Avenida da Habana.
- Avenida de Ortigueira.
- Avenida da Coruña.
- Avenida de Ferrol.
- Avenida de Vilalba.
- Rúa Presa de Alende.
- Rúa Rosalía de Castro.
- Rúa Alenxandre Bóveda.
- Rúa Rego do Muiño.
- Avenida de Lugo.

Número de anuncio 2015/4702

Vías públicas de 5ª categoría:

-Resto de rúas.

As Pontes de García Rodríguez, 23 de abril de 2015

O alcalde

Valentín González Formoso

2015/4702

Número de anuncio 2015/4702